

TEMA 6.- A RESTAURACIÓN BORBÓNICA (AMPLIACIÓN)

O rexeneracionismo e a xeración do 98:

→ **Francisco Silvela** (Madrid, 1843-1905). Estudou Dereito e en 1862 ingresou na Academia de Xurisprudencia. Afiliado á Unión Liberal, foi deputado en Cortes por Ávila en 1870. Ao pouco tempo pasou a militar no grupo liberal conservador que lideraba Cánovas. En 1874, despois do golpe de Pavía, foi deputado por Madrid. En 1875, xa baixo o reinado de Afonso XII, ocupou a subsecretaría de gobernación e a partir de 1879 ocuparía as carteiras de Gobernación e Xustiza en gobernos presididos por Cánovas del Castillo, do que sería “lugartenente” durante a rexencia de M^a Cristina de Habsburgo, ata que se distanciaron en 1892.

Despois do desastre colonial de 1898, publica en *El Tiempo*, o 16 de agosto, o artigo “**España sin pulso**” do cal seleccionamos uns fragmentos: *Os doutores da política e os facultativos de cabeceira estudarán, sen dúbida o mal, discutirán sobre as súas orixes, a súa clasificación e os seus remedios; pero o máis alleo á ciencia que preste algunha atención a asuntos públicos observa este singular estado de España: onde queira que se poña o tacto, non se atopa o pulso (...). Monárquicos, republicanos, conservadores, liberais, todos os que teñan algún interese en que este corpo nacional viva, deben alarmarse e preocuparse (...). A guerra cos ingratos fillos de Cuba non moveu unha soa fibra do sentimento popular. Falaban con elocuencia os oradores nas Cámaras de sacrificar a última peseta e derramar a derradeira gota de sangue (...) dos demais (...). Faise a paz, a razón aconséllaa (...); pero ela significa o noso vencemento, a expulsión da nosa bandeira das terras que descubrimos e conquistamos (...). Todos esperaban ou temían algún estremecemento da conciencia popular; só se advirte unha nube xeral de silenciosa tristeza (...).*

Ocupou a Presidencia de Goberno en marzo de 1899, converténdose nun dos principais impulsores do rexeneracionismo, desde o chamado ministerio de “rexeneración nacional”, con Polavieja, Villaverde e Dato. As súas discrepancias coa política económica do ministro Villaverde, moi mal aceptada en Cataluña e o País Vasco, e as axitacións obreiras de 1900 fixérono dimitir, tomando como pretexto o nomeamento de Weyler como capitán xeneral de Madrid. Entre 1902-03 volvería a formar goberno con Maura e, novamente, a oposición obreira e estudantil obrigáronlle a abandonar, agora definitivamente, a política activa.

Xunto con Maura é o máximo representante do **rexeneracionismo conservador**. Traballador, de estrita moral privada e vida austera, mantíña que esas mesmas virtudes debían inculcarse no corpo social da Nación, deplorando o caciquismo e a corrupción electoral, froito da indiferenza ou a complicidade dun electorado que era manexado e deixábase manexar. Ao igual que Maura, cría na posibilidade dunha “revolución desde arriba” para eliminar o caciquismo e converter aos políticos en portavoces do pobo en lugar de grupos de persoas asociadas en “partidos parasitarios”. O eixe reitor do saneamento da vida política estaría nunha reforma da administración local que reportaría dous beneficios: a limpeza das eleccións e a fin da “abstención suicida”, reactivando o sistema electoral e a canalización ordenada dos rexionalismos, rebaixando progresivamente o centralismo dos gobernos de Madrid.

A política rexeneracionista do gabinete Silvela centrouse en varios campos: no económico, o ministro Villaverde entendía que a rexeneración debía basearse nunha economía saneada que mantivese a apreciación da peseta e saldase a débeda nacional (o 66% dos presupostos do Estado), para iso reformaron o sistema de contribucións que deu éxitos inmediatos pero, como indicamos, provocou protestas e problemas co propio Silvela. En canto á política descentralizadora, propuxeron a formación de mancomunidades (asociacións de provincias e municipios cataláns para certos fins), o nomeamento de cargos políticos e relixiosos cataláns e unha reforma lexislativa de Cataluña que a desvinculase do centralismo castelán.

En 1903, como sinalamos, fracasou o segundo gabinete ministerial de Silvela, as causas do fracaso, podemos reducilas a tres:

- Para as clases traballadoras, os plans de Silvela non solucionaban nada e o abismo que separaba ao proletariado do liberalismo conservador era cada vez máis fondo.
- A política deflacionista de Villaverde era positiva para a economía en algúns aspectos, pero non favorecía o seu desenvolvemento e a clase empresarial, especialmente en Cataluña rexeitou o novo sistema impositivo. O malestar da burguesía catalá provocou a dimisión do ministro catalán Durán y Bas. Pero a dimisión máis soada foi a do xeneral Polavieja para quen o rexeneracionismo era imposible sen un exército profesional, ben equipado e, polo tanto, non aceptou a política de austeridade de Villaverde, saíndo do goberno.
- As medidas descentralizadoras parecéronlles insuficientes aos políticos cataláns que esixían maiores cotas de autonomía. O entendemento foi imposible ao estar Silvela presionado polos “centralistas” que vían en calquera concesión maior unha porta aberta á independencia.

Resumindo, tratábase de tímidas reformas de fachada cando o que “o 98” necesitaba era deixar de lado o sistema da Restauración co seu caciquismo, a súa oligarquía sustentadora, os seus dous partidos “turnantes” monopolizando o xogo político e as súas prevencións contra os rexionalismos; dando paso a un novo parlamentarismo limpamente democrático, no que estivese integrado o conxunto das novas forzas económicas, sociais, políticas e intelectuais que conformaban a realidade da España viva de fin de século. Non se quixo, ou

non se puido, facelo así e a partir de 1898 o sistema entrou nun convulsivo decaemento que cristalizou na crise de 1917 na que quedou tocado de morte.

→ **Camilo García, marqués de Polavieja** (Madrid, 1838-1914). Participou como voluntario na guerra de África (O'Donnell) e en 1863 marchou a Cuba onde estivo dez anos como Tenente Coronel. En 1873 loitou contra os carlistas e republicanos cantonalistas. Ascendeu a Brigadier e volveu a Cuba, onde combateu contra Maceo e foi gobernador da provincia de Santiago de 1879 a 1881, colléndolle alí a “Guerra Chiquita”. Volve a España como capitán Xeneral de Andalucía e en 1890 volve a Cuba como Capitán xeneral, pero dimite en 1892, descontento coa política antillana de Romero Robledo, o ministro de Ultramar. En 1896 é enviado a Filipinas como Capitán Xeneral, onde gobernará con man dura, pero será substituído pouco antes do desastre do 98.

Cando volve a España, moi popular pola súa xestión en Filipinas e oposto á política seguida ata entón en Cuba, fai un **Manifeso-programa de carácter rexeneracionista**, o 1 de setembro de 1898, no que, igual que Silvela, acusaba da crise aos partidos políticos, abxurando dos políticos de oficio, incapaces cos seus partidismos de atraer cara a participación política á “masa neutra”, ao non moverse no “práctico senón na abstracción”. Propuña unha serie de medidas reformistas, unha ampla descentralización que frease o imparable desexo autonomista de Cataluña, a loita contra o caciquismo e a reorganización das forzas armadas. Intentou unir a todas as forzas conservadoras para superar aos partidos tradicionais e recibiu o apoio da burguesía industrial catalá.

No goberno de Silvela de marzo de 1899 ocupou a carteira de Guerra e por iso ao **rexeneracionismo de dereitas** chamóuselle “**polaviejismo**”. Ao non poder levar a cabo o seu programa, tanto polos presupostos (reducidos) de Villaverde, como polos receos da dereita e da esquerda, Polavieja dimitiu en setembro de 1899.

→ **Ricardo Macías Picavea** (Santoña, 1847-Valladolid, 1899). **Xunto con Joaquín Costa é o principal representante do rexeneracionismo**. Estudou en Valladolid e Madrid e, despois de participar na 3ª guerra carlista nas filas liberais, obtivo a Cátedra de Sicoloxía, Lóxica e Moral do Instituto de Tortosa, en 1874; despois foi profesor de Xeografía no de Valladolid e militou no Partido Demócrata. Foi importante a súa influencia na conciencia pesimista e rexeneracionista da Xeración do 98. O seu libro, “**El problema nacional**”, publicado en 1899 inaugurou a corrente de análise sociolóxica sobre o “problema de España”. Tamén foi novelista e ensaísta. **Ver texto 8 sobre o caciquismo en pax 274**

→ **Joaquín Costa** (Monzón, 1846-Graus, 1911). Xurisconsulto, político e historiador. De familia campesiña, traballou mesmo de albanel para costearse os estudos. Foi un dos fundadores da “Institución Libre de Enseñanza” (1876-1939), xunto con Giner de los Ríos, Salmerón e outros, que propugnaba a reforma universitaria, a liberdade de cátedra, a descentralización administrativa ... **Ver no libro de texto, pax. 277** a súa proposta dun **circunxión de ferro** e fragmentos dos seus escritos na **pax. 278** e na **Selección doc. pax. 105 (12)**.

Xa en 1868 se definía a sí mesmo como republicano federalista e fará o seu primeiro intento político presentándose ás eleccións de 1896 como candidato independente por Barbastro, pero foi derrotado polos caciques locais; máis tarde comeza unha etapa inscrita no chamado **rexeneracionismo** utilizando a Cámara agrícola do Alto Aragón; en 1899 preside a Liga nacional de produtores constituída en Zaragoza e paralelamente iníciase o movemento das Cámaras de comercio. En 1900 estes grupos fúsiónanse para fundar un novo partido, a Unión Nacional, que fracasará. En 1903 volve ao republicanismo activo e militante e sostén que xa que é imposible facer **a revolución desde arriba (ver pax. 277)**, habería que facela desde abaixo, con feitos e non con palabras. En 1903 saeu elixido deputado pola candidatura republicana, pero renunciou xa que el que reclamaba “un goberno do pobo polo pobo, pero non parlamentarismo” e xa que denunciara reiteradamente o caciquismo non podía participar na farsa. Enfermo, retirouse a Graus en 1904 (*o león de Graus*), desde onde instaba aos republicanos a deixar a política ao lado dos monárquicos e a lanzarse a revolución para proclamar a República. En 1908 acepta realizar un penoso viaxe a Madrid para colaborar na loita contra o proxecto de Lei de represión do terrorismo presentada por Maura.

O seu prestixio era moi grande, pero os seus correligionarios políticos preferían deixalo en Graus porque temían os seus violentos reproches por participar no xogo parlamentario. Cando Lerroux foino ver para convencelo de que apoiase o novo partido republicano que ía fundar, despediuno violentamente despois de media hora de conversación.

Cando morre, a súa figura foi utilizada: demócratacristián para uns, cando estaba alonxado da Igrexa; prefascista para outros, o xeneral Primo de Rivera inaugurará a súa estatua en Graus en 1929 e, segundo outras interpretacións, o seu pensamento estivo impregnado dun fondo sentido democrático desde a súa xuventude.

Recollido (síntese) en J. ARMESTO e outros, **Hª de España. Comentarios de textos históricos**, Port Royal didáctica, Granada, 2003, pax. 179 e ss. e **Nueva Enciclopedia Larousse**, Varios Autores.

